

BASES REGULADORAS PARA PARTICIPAR NO DÍA DO DEPORTE NA RÚA, SORTEO E ENTREGA DE AGASALLOS

1. O XXIX Día do Deporte na Rúa celebrarase o 14 de xuño de 2026. A participación é libre. Non é preciso inscrición previa.

2. Establécese o Punto de encontro na explanada do Palacio de Deportes de Riazor.

3. Para as/os participantes que o desexen, repartirase a Tarxeta de Participante Oficial do Día do Deporte na Rúa en cada unha das actividades deportivas ou no Punto de encontro no Palacio de Deportes.

4. En cada tarxeta haberá 3 marcadoras para selar. En cada actividade selarán a tarxeta 1 vez. Aínda que se repita na actividade non se poderá selar 2 veces.

5. Dispoñerase de 2.000 camisetas que se lles entregarán ás primeiras 2.000 persoas participantes que teñan 1 selo na tarxeta.

6. Para optar ao agasallo dunha camiseta, deberás participar polo menos en 1 actividade deportiva, é dicir ter 1 selo. Deberás ir recollela ao punto de encontro ata as 14:00 h onde se entregará segundo dispoñibilidade.

7. Sorteio: os agasallos concedidos polas entidades colaboradoras sortearanse entre os/as participantes nas actividades do Día do Deporte.

8. O sorteio realizarase o día 14 ás 13.45 h no escenario situado na explanada do Palacio de Deportes, entre todas as tarxetas que se depositaron na urna disposta no Palacio de Deportes no punto de encontro (data límite de depósito da tarxeta é as 13:45 horas), coas seguintes condicións:

8.1. Para entrar no sorteio deberás participar polo menos en 3 actividades, é dicir ter polo menos 3 selos.

8.1.1. Con 3 participacións/3 selos, depositase a tarxeta cos datos na urna disposta no punto de encontro para formar parte do sorteio de agasallos deportivos.

8.1.2. Poderase participar con cantas tarxetas como se consiga encher, pero só se repartirá un agasallo por persoa. En caso de presentarse con 2 ou máis tarxetas só será válida a primeira tarxeta que saia no sorteio, e anularanse as restantes.

8.2. Entre os premios diferenciaranse entre maiores de 18 anos e menores.

8.2.1. As persoas de 18 anos e maiores de 18 anos terán acceso aos agasallos ofrecidos polas entidades colaboradoras. Serán aqueles que indique a organización.

8.2.2. Os/as menores de 18 anos terán acceso aos agasallos ofrecidos polas entidades colaboradoras. Serán aqueles que indique a organización.

8.3. En primeiro lugar, sortearanse os agasallos para 18 anos e maiores. En segundo lugar, os agasallos para menores.

8.4. Para recoller o agasallo haberá que estar presente. Será chamado/a polo nome que identificase na tarxeta e comprobarase a súa identificación por DNI ou outro medio acreditativo.

8.5. Repetirase o seu nome ata 3 veces consecutivas. Se a persoa non está presente, perde a quenda e sácase outra tarxeta. Así sucesivamente ata que se entregue o agasallo. Non hai lugar a reserva de agasallo.

9. O Servizo Municipal de Deportes por motivos de seguridade e/ou outras circunstancias motivadas, poderá cancelar ou aprazar a actividade, así como modificar a localización prevista ou outros cambios organizativos.

10. O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

A Coruña, sinatura e data electrónica

O Técnico Superior de Deportes

Miguel A. López Lorenzo

A xefa de servizo de Deportes

Patricia Vázquez García